

POÉTICA SUBVERSIVA

Xa desde o seu primeiro poemario, *Persianas, pedramol e outros nervios* (1992) Fran Alonso habita os territorios ocupados polas preocupacións máis humanas e próximas: a miseria da vida, o desamor, a desazón existencial, a solidariedade cos que sofren. Un ton que se acentúa nas historias encadeadas de *Tortillas para os obreiros* (1996) e que agora constatamos no volume que recolle toda a súa poética - agás *Cidades*, Premio Lazarillo en 1996-: *Subversións*. O volume complétase cos poemas máis recentes, algúns mesmo de 2001, onde reencontramos o universo pleno dun autor que busca unha nova linguaxe da man da emoción poética, que rompe co establecido sempre á procura dunha voz persoal e intransferible.

Tempos Novos, 57, febreiro 2002, p. 67